



# Convivencia. Prevención de furtos.

- [Normas de organización e funcionamento do centro.](#) (páxina 55)
- Os furtos de pertenzas de certo valor (cartos, móbil, libros, etc.) serán sempre considerados faltas graves e darán lugar á apertura do correspondente expediente disciplinario.
- **O alumnado ten a obriga de custodiar responsablemente os seus obxectos persoais, en especial os de certo valor económico.** O instituto non se pode facer responsable da desaparición das pertenzas dos membros da comunidade educativa, pero porá todos os medios posibles para previr os furtos, e procederá a intentar esclarecer a autoría cando ocorran casos.
- Cando alguén note a falta dunha pertenza, deberá:
  - Comunicalo inmediatamente en clase ao profesorado, e posteriormente ao profesorado titor.
  - Denunciar formalmente por escrito a desaparición da pertenza en secretaría/xeatura de estudos, cumprimentando un parte de incidencia.
- Colaborar co profesorado, profesorado titor, e dirección para, entre todos, intentar esclarecer a autoría.
- Comunicar, de ser o caso, en secretaría e en xefatura de estudos a recuperación da mesma.
- Cando se teñan fundadas sospeitas sobre algún alumno/a, poderase revisar a súa mochila, armario ou petos na procura do obxecto furtado.